

XIII Edición do Concurso Explícoche Matemáticas 2.0

Explícoche Matemáticas 2.0 é un concurso dirixido ao alumnado de 3º e 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato e ciclos de formación profesional dos centros de educación secundaria de Galicia e comunidades limítrofes. Está organizado pola Facultade de Matemáticas da USC en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística da USC.

O obxectivo do concurso é promover a utilización do galego como medio de transmisión das Matemáticas, así como a creatividade do alumnado, a través da realización de curtametraxes breves nas que se explique en galego un concepto matemático.

Enderezo de contacto: zmatdeca@usc.es

BASES DO CONCURSO

1) Participantes.

- Alumnado de 3º e 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato e de ciclos de Formación Profesional dos centros de educación secundaria de Galicia e comunidades limítrofes, en grupos dun máximo de 3 estudantes coordinados/as por un/ha profesor/a.

2) Proxecto Explícoche Matemáticas 2.0.



Cada participante ou grupo participante preparará un vídeo sobre un tema relacionado coas Matemáticas, coordinado(s) por un/ha profesor/a. A temática e enfoque poderá ser máis formal (definición dun concepto, un teorema, idea intuitiva e/ou aplicación) ou poderá recoller manifestacións diversas da matemática na vida cotiá, de carácter cultural, artístico ou social, así como contribucións sobre matemáticas e matemáticos que amosen as súas achegas científicas e, nomeadamente, con especial influencia no progreso científico de Galicia.

A duración dos vídeos non será en ningún caso inferior a un minuto e medio e non superior a dous minutos e medio.

É condición indispensable que a lingua empregada sexa o galego. Os participantes poderán utilizar calquera recurso multimedia, audiovisual ou artístico para a realización da curtametraxe.

Os traballos presentados, realizados integramente polos/as participantes, deben ser inéditos e orixinais.

Na valoración dos premios terase en conta a calidade técnica audiovisual, a corrección lingüística e a corrección matemática dos conceptos formulados. Aos efectos da valoración dos criterios audiovisual e lingüístico, terase en conta que os traballos estean cotitorizados (ademais de polo/a profesor/a coordinador/a) por un/ha docente da área de tecnoloxía e outro/a da área de lingua galega do centro ao que pertencen os/as participantes.

3) Material a presentar.



- Os/as concursantes deberán subir a unha canle de YouTube o vídeo confeccionado e proporcionar unha ligazón válida para a visualización da curtametraxe.
- Deberán proporcionar os seguintes datos de contacto:
 - Enderezo electrónico e teléfono do/a profesor/a coordinador/a.
 - Centro ao que pertence e estudos que realiza.
 - Un informe en formato Word ou PDF cos seguintes datos:
 - Título do traballo.
 - Breve motivación.
 - Nome e apelidos de cada participante (profesor/a, alumnos/as e, de ser o caso, cotitores/as).
 - Enderezos postal e electrónico de contacto.
 - Teléfono de contacto.

Deberase achegar autorización para o uso da súa imaxe de cada unha das persoas que aparezan no vídeo de cara á exposición pública do vídeo na páxina web da Facultade de Matemáticas e a través das redes sociais.

4) Envío.



Os proxectos realizados e documentación asociada (ligazón a YouTube, datos de contacto, informe e autorizacións) poderán remitirse desde o 1 de marzo ata o 30 de abril de 2025 inclusive ao enderezo electrónico zmatdeca@usc.es

5) Premios.



O Concurso Explícoche Matemáticas 2.0 constará dunha única categoría dirixida a alumnado de 2º Ciclo da ESO, Bacharelato e ciclos de Formación Profesional. Outorgaranse dous premios: un primeiro premio de 350 euros e un segundo premio de 250 euros. Os premios serán aboados por transferencia bancaria. Solicitarase a documentación necesaria despois do fallo do xurado. Do importe do premio practícaranse as retencións legais pertinentes (IRPF).

O xurado encargado da concesión destes premios estará integrado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Matemáticas, un/ha docente de ensino medio designado/a pola CNL, un/ha representante do Servizo de Normalización Lingüística da USC, un/ha gañador/a de edicións anteriores e unha persoa con formación técnica en materiais audiovisuais.

Os vídeos gañadores serán anunciados na páxina web da Facultade de Matemáticas (<http://www.usc.es/mate>). Os grupos gañadores serán informados por escrito e convidados a un acto público organizado pola Facultade de Matemáticas no que se lles entregará un diploma acreditativo dos premios outorgados.

A decisión do xurado será inapelable e o premio poderá ser declarado deserto.

6) Exposición dos vídeos.



Os vídeos seleccionados quedarán en poder da Universidade de Santiago de Compostela, quen se reserva o dereito de os poder empregar para a súa exposición pública.

Os/as participantes autorizan á Facultade de Matemáticas a facer públicos os traballos presentados a través das súas páxinas web e das redes sociais.

7) Aceptación das bases.



A participación neste certame implica a total aceptación das presentes bases. O incumprimento dalgunha das bases dará lugar á exclusión do vídeo do presente concurso.

Os/as participantes serán os/as únicos/as e exclusivos/as responsables do contido dos vídeos en canto a esixencias legais de dereitos de imaxe ou plaxio segundo as leis vixentes.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON, DECANO A DA FACULTADE DE MATEMATICAS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/02/2025 13:39:03.

CSV: 6220-A2A9-4061-9018